

# R ESEÑAS

***Códice Calixtino. O Liber Sancti Iacobi en galego***

**Nova edición, totalmente revisada.**

**Tradución do latín e notas de Xosé López Díaz.**

**Ed. Xunta de Galicia. S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.**

**Santiago de Compostela, 2013. 699 páxs. ISBN 978-84-453-5104-8.**

## **CODEX CALIXTINUS. LIBER SANCTI IACOBI**

É o manuscrito que recolle as manifestacións e aspectos variados relacionados coa peregrinación e culto ó apóstolo Santiago na súa tumba de Compostela. Foi escrito no séc. XII, de autoría variada, entregado como obra do papa Calisto II, que sería o promotor inicial da obra.

Compóñeno cinco libros: 1. Sermóns e homilías sobre o apóstolo, relatos do seu martirio e oficios litúrxicos. 2. Relato de vinte e dous milagres de Santiago. 3. Translación do seu corpo de Xerusalén a Compostela. 4. Crónica do arcebispo Turpín, que narra a entrada de Carlomagno en España. 5. Descrición do percorrido do Camiño a maneira de guía para os peregrinos.

Existen varias versións manuscritas desta compilación, pero a máis antiga é a que se conserva na catedral de Santiago de Compostela. Os curiosos da historia, contido, autorías, contextos ou transcendencia do Códice encontrarán información ilustrada nas interesantes introducións a esta edición obxecto de recensión de José M. Andrade Cernadas e de Segundo L. Pérez López.

### **Edicións do Códice Calixtino**

De 1944 é a edición completa do hispanista norteamericano Walter Muir Whitehill, con transcripción latina, e de 1951 a edición completa de Abelardo Moralejo, Casimiro Torres e Julio Feo, con tradución ó castelán. A dirección, prólogo e notas son do primeiro. Ambas as dúas realizáronse desde o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, se ben a primeira delas partira da iniciativa do Seminario de Estudos Galegos.

Abelardo Moralejo recoñece a axuda da transcripción de Whitehill, pero admite interpretacións escuras ou erradas, sobre todo por seguir ás veces outras versións distintas do propio Códice. Esta edición de 1951 supón unha contribución importante para detectar as dificultades, equívocos ou alteracións do texto orixinal e facelo accesible para todo tipo de público, con abundantes notas que se dirixen a dar información ilustrada de contextos, lugares ou persoas, necesaria para unha mellor comprensión dos lectores non eruditos, explicar antecedentes dalgúns textos, proporcionar información lexicográfica,

indicar comparacións de versións, xustificar escollas de tradución e facer observacións de incoherencias ou erros do texto orixinal.

En 1992 Xosé Carro Otero prepara unha reimpresión da edición de 1951 que non afecta a texto nin a notas, encargada pola Xunta de Galicia, que posteriormente, no ano 1998, publica unha transcripción latina a partir do códice orixinal, preparada por Klaus Herbers e Manuel Santos Noia, en colaboración co cabido da Catedral de Santiago, con unicamente notas moi breves de correccións léxicas ou ortográficas. Na edición de 2004 J. J. Moralejo e M<sup>a</sup> J. García Blanco revisaron e ampliaron considerablemente as notas.

E a Xunta de Galicia tamén se encarga en 2009 da edición completa encomendada a Xosé López Díaz, a primeira en galego, que se presenta con ilustracións de Francisco Leiro.

Xosé López Díaz expresa debidamente os agradecementos ós investigadores que o precederon na materia calixtina, e por isto non se debe pretender comparar edicións. Resultaría un exercicio inane describir os aspectos nos que unha nova edición supera as anteriores. De todos os xeitos, cabe destacar algunhas consideracións que dan mérito á edición de 2009. En canto á presentación, gaña en accesibilidade, sobre todo coa incorporación de subtítulos non presentes no texto orixinal pero que xa apareceran nalgunha tradución. En canto á lingua galega da tradución, é de impecable corrección lingüística e exquisita a selección de termos. En canto á edición, avisa dos problemas, documenta as opcións anteriores, informa das escollas léxicas e ilustra con tanta información poida axudar a contextualizar. Hai ademais unha preocupación estilística, que se manifesta no uso de xiros, de fraseoloxía ou na atención polo ritmo.

A edición de 2013, da que se pretende dar anuncio con esta recensión, sentencia a preocupación perfeccionista de Xosé López Díaz cunha revisión íntegra da anterior, da que merece destacarse: o engadido de índice de citas bíblicas; a dobre numeración dos salmos seguindo o criterio da maior parte de edicións nas que se recollen; o encabezamento en cada páxina impar co título do libro, a numeración do capítulo e o título de todo o volume; e o aumento notable de citas a pé de páxina -algunhas delas que recupera, aínda que refai con criterios diferentes, da edición de Abelardo Moralejo-, que se ocupan sobre todo do cotexo con textos de referencia, de explicación e xustificación léxica, e de carácter contextual histórico.

### **A transcendencia dalgunhas traducións e o seu carácter continuador**

Por poñer exemplos da dimensión que poden ter certas traducións, cando vai máis aló do simple feito lingüístico ou literario, menciono a *Vulgata (editio)*,

texto de referencia continua na obra que nos ocupa, que foi a tradución máis popularizada, por estar encargada a San Xerome nun momento estratéxico e verterse a un latín común e non clásico; ou, na nosa cultura, a Otero Pedrayo, que percibiu a oportunidade de que o *Ulises* de James Joyce tivese versión en galego e en 1926 anosou antes que as outras linguas peninsulares algúns fragmentos, co fin de formar parte do movemento cultural europeo e para enriquecer as nosas letras e lingua. A tradución do *Códice Calixtino* supón un fito de gran significado e transcendencia para os galegos, para a nosa lingua e para a nosa cultura, pois era unha eiva importante que este libro, por todo o que significa de histórico, patrimonial e simbólico para Galicia, carecese da versión en galego.

A tradución parcial testemuñal do *Ulises* de Otero Pedrayo completouse en 2013 cunha tradución íntegra na que interviñeron catro tradutores e investiron oito anos (ambas en Editorial Galaxia), e, no caso da *Vulgata*, aínda que coñeceu varias correccións, a ignorancia e o partidismo, inimigos da virtude, impediron por moito tempo mellorar a versión declarada única e auténtica polo Concilio de Trento, o que significou que se desprezaran, entre outras, as correccións que Erasmo de Rotterdam fixo do *Novo Testamento*, ou, máis comprometedoramente, que interviñera a Inquisición nos comentarios de El Brocense sobre a narrativa dos Evanxeos e na «ousadía» de Fray Luis de León de traducir directamente do hebreo ó castelán *O cantar dos cantares* en oitava rima.

Fóra de anécdotas históricas, como acontece sempre con este tipo de traballos, ningunha comparación das edicións que se pretenda facer será xusta, pois cada unha responde a uns condicionantes de época, posibilidades ou recursos de investigación e tamén de présa por editar, que non é precisamente un factor fútil aínda que non se poida considerar académico. E, como acontece cos traballos lingüísticos en xeral e cos lexicográficos, cada traballo dun investigador significa unha achega, e o conxunto de achegas determina o coñecemento científico dunha época, que sempre quedará condicionado a futuros traballos que corrixan, modifiquen e amplíen o anterior nun proceso infinito que persegue o saber. Pero cada achega é un elo cara adiante no *continuum* científico. Neste sentido, agradécese que Xosé López Díaz non cerrase a investigación coa edición anterior e a nova se beneficie dun coñecemento máis profundo.

## O latinista Xosé López Díaz

Outra obra fundamental no percorrido investigador de Xosé López Díaz foi o *Diccionario galego-latino clásico e moderno* (ed. Centro Ramón Piñeiro

para a Investigación en Humanidades, 2010), que cubriu unha carencia na lexicografía galega e posicionou a nosa lingua dentro do movemento neolatinista europeo. As características que presiden o traballo son, coma no caso das edicións do Códice, a precisión e erudición lexicográfica e gramatical, que dan garantía, e o perfeccionismo, que asegura a súa vixencia no tempo.

Xosé López Díaz entronca con estes dous traballos na tradición de lingüistas con formación en seminarios galegos á que deron lustre Juan Antonio Saco y Arce, autor da primeira gramática da lingua galega; Francisco Vázquez Saco, recompilador de refráns, cantigas, fraseoloxía e outras manifestacións tradicionais; Nicandro Ares, investigador da nosa toponimia; Crecente Vega e Iglesia Alvariño, profesores e tradutores os dous do latín e ademais poetas; Leiras Pulpeiro, escritor e lexicógrafo; Elixio Rivas ou Ferro Ruibal. E se consideramos a formación relixiosa, aínda podemos abrir ós bieitos Sarmiento e Sobreira. Desta nómina representativa, que se podería facer máis ampla, cabe sinalar que en todos coinciden tres características: coñecementos lingüísticos sólidos e investigación solvente, preocupación polo noso e compromiso desinteresado.

Pola beira xacobeá, o feito de ser o primeiro tradutor en galego do *Códice Calixtino* e, ademais, ofrecer un traballo de edición mellorado, converten o nome de Xosé López Díaz en digno acompañante de egrexios investigadores e promotores como foron Abelardo Moralejo, Manuel Díaz y Díaz ou Elías Valiña, que, coa súa contribución, dignificaron o Camiño que para Goethe construíu Europa.

PAULINO NOVO FOLGUEIRA  
Doutor en Filoloxía